



DECLARACIÓN DAS ALCALDESAS E DOS ALCALDES  
DO TRAMO VILALBA-BETANZOS DO  
CAMIÑO NORTE ORIXINAL



Reunidos en Betanzos o 9 de outubro de 2021 as alcaldesas e alcaldes dos concellos de Vilalba, Xermade, Guitiriz, Monfero, Aranga, Irixoa, Paderne e Betanzos, acordamos e facemos pública a seguinte DECLARACIÓN:

1º) Segundo unha tradición confirmada por recentes investigacións, o **Camión Norte orixinal de peregrinación a Santiago de Compostela** viña e vén en paralelo ao mar Cantábrico e entraba e entra en Galicia por Ribadeo, pasando logo por Mondoñedo, Vilalba e Betanzos. Por conseguinte, durante séculos os peregrinos camiñaron polos nosos concellos de Vilalba, Xermade, Guitiriz, Monfero, Aranga, Irixoa, Paderne e Betanzos, deixando unha fonda pegada que aínda perdura. Atravesaban a Terra Cha ata a Serra da Loba e, a continuación, baixaban cara as Mariñas, nunha ruta que unía na Baixa Idade Media monumentos sobranceiros de Fernán Pérez de Andrade, como o castelo de Vilalba e as tres igrexas góticas de Betanzos, ao tempo que servía tamén de conexión entre dúas vellas capitais do antigo Reino de Galicia, Mondoñedo e Betanzos.

2º) A recuperación do tramo Vilalba-Betanzos supón a lexítima restauración dun patrimonio histórico de primeira magnitude e de importancia estratéxica. Este feito é ademais un xermolo dun novo dinamismo creador de múltiples iniciativas para os nosos veciños no ámbito da Galicia Norte.

3º) Neste senso, con inmensa gratitude e cordialidade, damos a benvida e acollemos o documento expedido o 15 de xullo de 2021 por don Segundo Leonardo Pérez López, en representación do Cabido da Catedral de Santiago e como director da Oficina do Peregrino, no que se concede a “Compostela” a todos os peregrinos que, seguindo o tramo Vilalba-Betanzos e cumprindo as condicións acostumadas, cheguen ata o sepulcro do Apóstolo da Catedral de Santiago de Compostela. Este recoñecemento recobra a plenitude da memoria xacobeá e supón o anuncio de novas e venturosas andainas.

4º) En consecuencia, comprometémonos a promover as medidas necesarias para sinalizar e manter os camiños en bo estado, así como a atraer e acoller coa maior hospitalidade aos peregrinos e demais camiñantes. Neste senso, recabaremos de todas as entidades públicas e privadas con responsabilidades no noso ámbito o seu apoio e colaboración, dirixíndonos en especial á Xunta de Galicia a fin de que culmine este proceso cun recoñecemento oficial que garantice a plena protección deste tramo Vilalba-Betanzos no contexto do Camión Norte orixinal.

